

## 1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

### INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**



**1. De acordo co artigo 3 da Lei 14/1986, de 25 de abril, Xeneral de Sanidade, os medios e actuacións do sistema sanitario estarán orientados prioritariamente:**

- A) Á promoción do benestar integral e á prevención das enfermidades.
- B) Á promoción da saúde e á prevención das enfermidades.
- C) Á promoción do benestar integral e á educación sanitaria.
- D) Á promoción da saúde e ao tratamento das enfermidades.

**2. De conformidade co artigo 20 da Lei galega 3/2001, de 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, cal da seguinte información NON ten que ser conservada indefinidamente:**

- A) Follas de petición de interconsulta.
- B) Follas de alta voluntaria.
- C) Informes de necropsia.
- D) Informes de exploracións complementarias.

**3. De conformidade coa Lei 55/2003, de 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, o persoal terá dereito a un período mínimo de descanso ininterrompido entre o fin dunha xornada e o inicio da seguinte de:**

- A) 8 horas.
- B) 10 horas.
- C) 12 horas.
- D) 14 horas.

**4. Segundo a Lei 8/2088, de saúde de Galicia, a dirección do Sistema Público de Saúde de Galicia, correspóndelle a:**

- A) O presidente da Xunta de Galicia.
- B) O Consello da Xunta de Galicia.
- C) O consello galego de saúde.
- D) A consellería competente en materia de sanidade, sen prexuízo das competencias atribuídas ao consello da Xunta de Galicia.

**5. A provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, segundo o Decreto 206/2005, de 22 de xullo, que a regula, rexerese polos seguintes principios básicos:**

- A) Igualdade, mérito, capacidade e publicidade na selección, promoción e mobilidade do persoal do organismo.
- B) Mérito e capacidade na selección do persoal do organismo.
- C) Igualdade e publicidade na mobilidade do persoal do organismo.
- D) Publicidade na selección e mobilidade do persoal do organismo.

**6. Segundo a Lei galega 3/2001, de 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica do paciente, a historia clínica:**

- A) É propiedade do paciente.
- B) Non pode conter valoracións nin informacións sobre a situación do paciente.
- C) Debe destruírse unha vez transcurran cinco anos desde o falecemento do paciente.
- D) Conterá suficiente información para identificar ao paciente e documentar o seu proceso de atención sanitaria.

**7. A Lei 8/2008, de saúde de Galicia, establece que a atención especializada caracterízase por:**

- A) Un enfoque global e integrado da atención da saúde.
- B) A verificación do cumprimento dos estándares definidos.
- C) Alta intensidade dos coidados requiridos.
- D) A canalización da asistencia requirida polo paciente en calquera punto do sistema.

**8. Conforme ao previsto na Lei 55/2003, de 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, o complemento de carreira profesional está destinado a retribuír:**

- A) O nivel do posto.
- B) O grao recoñecido.
- C) A especial dedicación e responsabilidade.
- D) O especial rendemento.

**9. Segundo a Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, considérase como "danos derivados do traballo":**

- A) As lesións físicas sufridas con motivo ou ocasión do traballo.
- B) As enfermidades profesionais.
- C) As enfermidades, patoloxías ou lesións sufridas con motivo ou ocasión do traballo.
- D) As lesións ou enfermidades sufridas como consecuencia dun accidente de traballo.

**10. Conforme ao Decreto 206/2005, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, sinala cal é un requisito para o persoal en servizo activo, para ser admitido nun concurso de traslados:**

- A) Tomar posesión da praza desempeñada 6 meses antes, como mínimo, á data de finalización do prazo de presentación de instancias.
- B) Tomar posesión da praza desempeñada 1 ano antes, como mínimo, á data de finalización do prazo de presentación de instancias.
- C) Tomar posesión da praza desempeñada 18 meses antes, como mínimo, á data de finalización do prazo de presentación de instancias.
- D) Tomar posesión da praza desempeñada 2 anos antes, como mínimo, á data de finalización do prazo de presentación de instancias.

**1. De acordo co artigo 67 da Lei 8/2008, de saúde de Galicia, modificado pola Lei 1/2018, o Sistema Público de saúde de Galicia ordénase territorialmente en:**

- A) Áreas sanitarias, distritos sanitarios e zonas sanitarias.
- B) Áreas sanitarias, hospitais e atención primaria.
- C) Estruturas sanitarias, distritos sanitarios e zonas básicas de saúde.
- D) Áreas de xesión integrada, distritos sanitarios e comarcas sanitarias.

**2. A efectos da Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a situación de violencia acreditarase mediante:**

- A) Sentencia de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas na Lei.
- B) Certificación ou informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local.
- C) Certificación dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local.
- D) Todas as respostas son correctas.

